

Valores dos morfemas

Como diferenciamos entre o valor "relativo a" "caracterizador" e "calidade de"?
MOI FÁCIL!

Vóuvolo explicar cunha serie de palabras para que o entendades:

invernal: relacionado co inverno, xa que logo é un "relativo a", pois non ten sentido dicir ***que ten inverno**

Barbudo: que ten barba, xa que logo é un "caracterizador"

Un cidadán barbudo (cidadán é relativo á cidade e barbudo que ten barba)

-án- "relativo a"

-udo "caracterizador"

cando teñen o valor de "calidade de" son sempre substantivos abstractos, que se forman a partir de adxectivos:

elegancia, amabilidade ("calidade de elegante", "calidade de amable")

elegante: que ten elegancia, "caracterizador"

amable: que ten, posúe amabilidade, "caracterizador"

Os adxectivos rematados en -nte (a partir de verbos)

1ª conxugación

cantante (de cantar)

cant-a-nte

2ª conxugación

crente (de crer)

cr-e-nte

3ª conxugación

oínte

influyente

sobresaliente

Aquí preséntase o problema. Primeiro de nada separades o morfema -nte e o que queda entre o lex. e o morfema é VT.

En oínte, sería o(lex) **i(VT)** nte(mds caracterizador)

En influyente, sería influ(lex) **e(VT)** nte(mds caracterizador)

En sobresaliente, sería sobre(MDPREF) sal(lex) **ie(VT)** nte(mds caracterizador)

Como vedes neste último caso dependendo do adxectivo podemos ter tres vogais temáticas: **i**, **e**, **ie**

Agardo que vos aclare as dúbidas. Se non entendedes algo dicídemo.